

Corrección exercicios páxina 74 e ficha adxunta

VOCABULARIO: A palabra e os seus constituíntes

Actividades

- 1** A raíz común a todas as formais verbais é *xog-*, e os morfemas flexivos indican o número, a persoa, o tempo e o modo.
- 2**
 - *asesor / asesoras*: a raíz é *asesor-* e o morfema flexivo *as* indica xénero feminino e número plural.
 - *réptil / réptiles*: a raíz é *réptil-* e o morfema flexivo *-es* indica plural.
 - *rapaces / rapazas*: a raíz é *rapaz-* e o morfema flexivo *-es* indica xénero masculino e número plural, e *-as* xénero feminino e número plural.
- 3**
 - *xogadora*: o morfema derivativo é *-ador* e o morfema flexivo é *-a* (indica feminino singular).
 - *reafirmar*: os morfemas son *re-* e *-ar*, e son derivativos.
 - *xantaramos*: o morfema é *-amos* e é flexivo (indica número, persoa, tempo e modo).
 - *cárceres*: o morfema é *-s* e é flexivo (indica plural).
 - *beleza*: o morfema é *-eza* e é derivativo.
 - *libraría*: o morfema é *-aría* e é derivativo.

Activar Windows
Ve a Configuración para i

Na práctica

Proposta de traballo

Extraterrestre. A raíz é *terr-* porque se repite en *terrícola*, *terremoto*, *terreo*, *enterrar*... E son morfemas derivativos *extra-* (prefixo) e *-estre* (sufixo) porque os podemos atopar en *extraordinario* ou *extrapolar* e en *campestre* ou *silvestre*.

Prehistoria. A raíz é *histori-* porque se repite en *historiador*, *historial*, *historieta*, *historiografía*... E é morfema derivativo *pre-* (prefixo) porque o podemos atopar en *preescolar* ou *prerromano*.

Desconectar. A raíz é *conect-* porque se repite en *conectable*, *conectividad*, *conector* e *conectivo*. E son morfemas derivativos *des-* (prefixo) e *-ar* (sufixo) porque os podemos atopar en *desfacer* ou *desacordo* e en *ensuciar* ou *desentoar*.

Incondicional. A raíz é *condicion-* porque se repite en *condicionamento*, *condicionante*, *acondicionador*... E son morfemas derivativos *in-* (prefixo) e *-al* (sufixo) porque os podemos atopar en *incontrolable* ou *indeciso* e en *comercial* ou *criminal*.

Reencarnación. A raíz é *carn-* porque se repite en *carnívoro*, *encarnar*, *carniceiro*... E son morfemas derivativos *re-* e *-en-* (prefixo), e *-ción* (sufixo) porque os podemos atopar en

Activar Windows
Ve a Configuración para ac

reconstruír ou reiniciar, en encarar ou empobrecer e en duración ou educación.

Zapateiro. A raíz é *zapat-* porque se repite en *zapato, zapatilla, zapataría...* É morfema derivativo *-eir* (sufixo) porque o podemos atopar en *cociñeiro* ou *porteiro*. O morfema flexivo é *-o*.

Xornalismo. A raíz é *xornal-* porque se repite en *xornaleiro, xornalista...* É morfema derivativo *-ismo* (sufixo) porque o podemos atopar en *capitalismo* ou *estranxeirismo*.

Floraría. A raíz é *flor-* porque se repite en *floreiro, floral, florecer...* É morfema derivativo *-ría* (sufixo) porque o podemos atopar en *libraría* ou *panadaría*.

Claridade. A raíz é *clar-* porque se repite en *claro, aclarar, clareza...* É morfema derivativo *-idade* (sufixo) porque o podemos atopar en *inactividade* ou *totalidade*.

Subacuático. A raíz é *acu-* (auga) porque se repite en *acuífero, acueduto, acuoso...* E son morfemas derivativos *sub-* (prefixo) e *-átic* (sufixo) porque os podemos atopar en *subterráneo* ou *subaéreo* e en *democrático* ou *aromática*. O morfema flexivo é *-o*.

Ficha 1 de reforzo e apoio da unidade 4

Exercicio 1

- 1) Falaba > fal- raíz; -a- vogal temática, -ba MMT (morf. modo-temporal).
- 2) Frechazo > frech- lexema; -azo- morfema derivativo sufixo.
- 3) Desxeo > Des- morf. der. prefixo; -xeo lexema.
- 4) Saudable > Saud- lexema; -(a)ble- morf. der. suf.
- 5) Envolver > Envolver- lexema (palabra simple).
- 6) Mestras > Mestr- lexema; -a- morfema flexivo de xénero, -s morf. flex. de número.
- 7) Polideportivo > Polo- morf. der. pref.; -deport- lexema; -ivo morf. der. suf.
- 8) Percorrín > Per- morf. der. pref.; -corr- raíz; -í- VT, -n MNP (morfema número-persoal).

Exercicio 2

PALABRAS CON PREFIXO	PALABRAS CON SUFIXO
Refixo, aterrou, aeroplano, bimotor.	Famosa, vendedora, rapidez, limpeza, famoso, trintena, escenarios, recentemente.

Exercicio 3

- | | |
|-----------|------------------------------|
| 1) Ás. | 5) Té. |
| 2) Co. | 6) Bola. |
| 3) Présa. | 7) Ósos. |
| 4) Nós. | 8) Palabra central: Acentos. |

Exercicio 4

- | | |
|-----------|----------|
| 1) Dó. | 3) Póla. |
| 2) Présa. | 4) Bóla. |

Exercicio 5

- 1) Gustan. Predicado verbal: expresa un proceso do suxeito (as vacacións).
- 2) Fomos. Predicado verbal: expresa unha acción referida ó suxeito (nós).
- 3) Foi. Predicado nominal: expresa un estado do suxeito (o mes de agosto) e serve como enlace entre este e o atributo (moi bo para a praia), que é obrigatorio que apareza para que a oración se comprenda.
- 4) Parece. Predicado nominal: expresa unha calidade do suxeito (Xacobe) e serve como enlace entre este e o atributo (moi boa persoa), que é obrigatorio que apareza para que a oración se comprenda.

Exercicio 7

- | | |
|--------------------------|------------------------|
| 1) Explica. Predicativo. | 6) Parece. Copulativo. |
| 2) Vixía. Predicativo. | 7) Es. Copulativo. |
| 3) Son. Copulativo. | 8) Foi. Copulativo. |
| 4) Son. Copulativo. | 9) Parece. Copulativo. |
| 5) Pensa. Predicativo. | 10) Está. Copulativo. |

Exercicio 8

Explotación laboral e emigración.

Exercicio 9

- 1) Galego, ástur-leonés, éuscaro, castelán, aragonés, aranés e catalán. A única que non procede do latín é o éuscaro.
- 2)

A lusofonía é o espazo lingüístico formado polos países que teñen como lingua oficial o portugués: Portugal, Brasil, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Guinea Ecuatorial, Angola, Mozambique, São Tomé e Príncipe, Timor Leste e o territorio de Macau (China).

O portugués fálase tamén noutros territorios onde non ten o recoñecemento de lingua oficial, por exemplo nas zonas distribuídas ao longo da raia fronteiriza que separa España e Portugal. En concreto, hai zonas de Estremadura en que a presenza desta lingua é destacada.